



AXUDAS PROGRAMA GALICIA INVESTIGA IGUALDADE PARA O APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL
SEDE ELECTRÓNICA

PROCEDEMENTO SI455A – DOG 05/05/2025

Co fin de que a UDC proceda emitir os documentos requiridos pola convocatoria e posteriormente validar a candidatura á axuda do Programa Galicia Investiga Igualdade, a persoa candidata, debe:

COMUNICAR A SÚA CANDIDATURA Á UDC TRAS A PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA NO DOG
FIN DE PRAZO: 26 de MAIO DE 2025 (XOVES)

1º	Completar o formulario de solicitude publicado en: https://www.udc.gal/gl/investigacion/convocatorias/convocatorias_autonomicas/ e envialo ao enderezo de correo coordinacion.investigacion@udc.gal Con esta comunicación achegarase, de ser o caso: -<u>Solicitantes que non cursaran estudos na UDC</u>: certificación académica oficial emitida pola universidade de orixe (coa nota media calculada segundo o R.D. 1125/2003) -<u>Solicitantes con titulación estranxeira</u>: certificación académica oficial emitida pola universidade de orixe xunto coa tradución correspondente, se é o caso, e declaración de equivalencia tramitada en: https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/ A Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores, no prazo máximo de 5 días naturais dende a recepción da candidatura, remitirá ás persoas candidatas por correo electrónico o/os documento/s solicitado/s no formulario para que os grave na sede electrónica.
-----------	---

COMPLETAR TODOS OS FORMULARIOS E DOCUMENTOS REQUIRIDOS POLA CONVOCATORIA

2º	Descargar e cumprimentar os formularios (Anexos III e IV) dispoñibles no apartado “Requisitos e documentación – Anexos asociados” en: SEDE ELECTRÓNICA Todos os documentos deben ser asinados coa sinatura electrónica con certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados. (artigo 5 da convocatoria): https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados/persona-fisica
-----------	---

PRECARGA DA CANDIDATURA NA SEDE
FIN DE PRAZO: 2 DE XUÑO (LUNS)

3º	Na sede electrónica da Xunta de Galicia Sede Xunta, procedimento SI455A “Axudas Programa Galicia Investiga Igualdade de apoio á etapa predoutoral”, seleccionar:  e identificarse utilizando un certificado electrónico ou usuario de Chave365. A persoa candidata debe completar o formulario Anexo II cos datos requiridos, marcar a documentación que presenta, e utilizar os datos institucionais:
-----------	---



DATOS INSTITUCIONAIS

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO II

PROCEDEMENTO

AXUDAS DO PROGRAMA GALICIA INVESTIGA IGUALDADE

CÓDIGO DO
PROCEDEMENTO

SI455A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NIF

NÚM.

Q-6550005-J

RAZÓN SOCIAL

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ENDEREZO

PAÍS

ESPAÑA

TIPO

RÚA/CALLE

NOME DA VÍA

MAESTRANZA

NÚM.

9

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

15001

PROVINCIA

Coruña (A)

CONCELLO

Coruña (A)

LOCALIDADE

ACORUÑA

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO 1

881011153

PREFIXO

TELÉFONO 2

881011156

CORREO ELECTRÓNICO

VIT@UDC.GAL

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NIF

NÚM.

43408374Z

NOME/RAZÓN SOCIAL

JERÓNIMO

PRIMEIRO APELIDO

PUERTAS

SEGUNDO APELIDO

AGUDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avísos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

881011153

CORREO ELECTRÓNICO

VIT@UDC.GAL



3º

Seleccionar **Gardar** **Continuar**, avanzar á pantalla **2.Anexar documentación** e anexar os documentos requiridos pola convocatoria.

Avanzar pantalla ata **3.Asinar e presentar no rexistro** e seleccionar **Compartir borrador**, compartir coa Universidade da Coruña e “gardar”.

Moi importante: **Non premer a opción “asinar e enviar”**

Compartir borrador ← Volver

Teña en conta que ademais do formulario de Solicitud, a persoa coa que vai compartir o borrador terá acceso tamén á documentación anexada ata ese momento.

Lembre que, unha vez compartido, vostede perderá a visibilidade sobre o mesmo.

Indique a continuación a persoa coa que desexa compartir o borrador:

- ☒ Solicitante no formulario: UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Q6550005.J)
- ☐ Representante no formulario: JERÓNIMO PUERTAS AGUDO
- ☐ Outro

Gardar

Máis información:

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade Consellería de Política Social e Igualdade promocion.igualdade@xunta.gal Teléfono: 981545356	Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores coordinacion.investigacion@udc.gal Teléfono: 881 01 1176 e 881 01 1134
--	--

A Coruña, 09 de maio de 2025



ANEXO I Áreas temáticas

1. Xénero en Ciencias Sociais.

- 1.1. Xénero e políticas públicas: impacto de xénero das políticas públicas. Orzamentos con perspectiva de xénero. Estratexias para fomentar o liderado feminino. Estratexias para mellorar a posición das mulleres en ámbitos sociais, políticos, económicos e, de xeito especial, naqueles que teñen que ver coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- 1.2. Xénero e educación: cambio de valores. Transformación social cara á igualdade, de xeito especial na infancia e na mocidade. O xénero en interacción con outros índices de discriminación (condición migrante, ruralidade, raza, clase social, nivel de formación, idade, funcionalidades alternativas e discapacidade). Divulgación dos valores vinculados á igualdade como indicadores de benestar e cohesión social. Programas educativos para prevención do sexismo.
- 1.3. Violencia de xénero: sensibilización. Detección. Prevención. Intervención. Estratexias de erradicación.
- 1.4. Xénero e economía. Desigualdades de xénero no mercado laboral. Valor económico do traballo non remunerado. Indicadores de benestar social. Feminismos e economía social. Achegas da economía feminista.
- 1.5. Igualdade no marco xurídico. Nesgos de xénero na lexislación ou na aplicación do dereito. Lexislar e xulgar con perspectiva de xénero. Erradicar estereotipos na actividade da Administración de xustiza. Os riscos dos novos sistemas de IA na Administración de xustiza.
- 1.6. Igualdade e medios de comunicación.

2. Xénero en Ciencias da Saúde.

- 2.1. Aspectos biolóxicos e saúde segundo xénero.
- 2.2. Sintomatoloxía, tratamentos médicos, farmacolóxicos ou terapéuticos en función do xénero.
- 2.3. Medicina preventiva e xénero.
- 2.4. Saúde reprodutiva: violencia obstétrica. Depresión no embarazo e depresión posparto. Maternidade e saúde.
- 2.5. Saúde mental e xénero.

3. Xénero en Ciencias Naturais e Formais, Tecnoloxía e Enxeñarías.

- 3.1. Incorporación da perspectiva de xénero nas CTEM.
- 3.2. Arquitectura, urbanismo e paisaxismo con perspectiva de xénero
- 3.3. Estereotipos e desviacións de xénero en intelixencia artificial: desviacións no adestramento dos sistemas, nas etiquetas e no deseño. Discriminación de xénero en sistemas algorítmicos. Discriminación de xénero en equipos de programación.
- 3.4. Impacto do xénero no proceso de testar produtos tecnolóxicos.
- 3.5. A tradición de xénero na historia das ciencias naturais, das tecnoloxías ou das enxeñarías.



4. Xénero en Humanidades:

- 4.1. Modelos de pensamento con perspectiva de xénero.
- 4.2. Estudos artísticos (artes visuais, artes escénicas, literatura, música) con perspectiva de xénero, especialmente orientados a entender os problemas do noso tempo.
- 4.3. Linguaxe e xénero: linguaxe inclusiva. Xénero e conversa. Xenerolectos. A transmisión da lingua en relación co xénero. Procesamento da linguaxe natural e perspectiva de xénero.
- 4.4. Antropoloxía do xénero. Etnografía con perspectiva de xénero.
- 4.5. A tradición de xénero na historia en disciplinas humanísticas.

5. Xénero como factor transversal para o cambio.

- 5.1. Epistemoloxía do xénero. O xénero no conxunto do coñecemento. Xénero ao servizo do desenvolvemento integral das sociedades e dos ecosistemas: debates sociais, metodolóxicos e éticos.
- 5.2. Ecofeminismo: sustentabilidade ecolóxica e transición cara ao respecto para a vida.
- 5.3. Cultura dos coidados, conciliación e corresponsabilidade no uso do tempo.
- 5.4. Deporte e igualdade. Deporte e mulleres. Do modelo da competición a modelos alternativos na práctica competitiva. O xénero e o xogo físico.
- 5.5. Dereito á diversidade afectivo-sexual. A condición LGBTI e a erradicación das fobias.